



Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria
Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela
Rúa San Pedro de Mezonzo, 39
15701 Santiago de Compostela (A Coruña) España

POSICIONAMENTO DA SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA ANTE A SITUACIÓN ACTUAL NAS RESIDENCIAS DE PERSOAS MAIORES

Como profesionais especializados na investigación, docencia e atención ás persoas Maiores, dende esta Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria, queremos mostrar todo o noso apoio ás persoas que traballan no sector residencial, así como explicar unha serie de puntos que están a levar a confusións ou malas interpretacións por parte da sociedade.

Ademáis, queremos contribuir a dignificar os coidados xeriátricos e aportar una visión obxectiva que reduza a angustia e aporte tranquilidade as familias das persoas Maiores que son atendidas nestes servizos, conscentes da calidade dos apoios e coidados que se lles presta en España e en Galicia as persoas de maior idade.

O coronavirus que causa a enfermidade COVID-19 é altamente contaxioso. Dende a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria queremos resaltar que o Sistema Sanitario actualmente establecido non estaba nin está preparado para facer fronte a unha pandemia.

Os Servizos Sociais son un sistema integrado de protección social orientado a prestar prestacións e servizos á poboación para facer que mellore a súa calidade de vida. Esta protección social se establece prioritariamente dende dous ámbitos: a Atención Primaria (Servizos Sociais dos Concellos e Centros de Saúde) e atención especializada dirixida a distintas áreas da poboación; entre elas está a atención ás persoas maiores con recursos como: residencias, centros de día, programas de axuda no fogar e outros.

Polo tanto, **podemos afirmar que as Residencias de persoas Maiores forman parte de esos servizos sociais, e en modo algún dos servizos sanitarios.** Ademáis, as residencias prestan unha atención de apoio e coidados esenciais para o bo funcionamento social e laboral de esta sociedade da que presumimos como moderna e avanzada.

Ainda así, **as Residencias**, ofrecen servizos de carácter sanitario como terapia ocupacional, enfermería, médicos, fisioterapia, rehabilitación, alimentación..., pero en modo algún son centros sanitarios equiparables a hospitais. **Non dispoñen dos mesmos medios que un hospital para atender a grave cuadro clínico que ocasiona o Covid-19.**

O sector sanitario está pretendendo atribuir as residencias unha responsabilidade imposible de asumir, posto que as residencias non teñen o soporte sanitario do que dispoñen os hospitais.



Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria
Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela
Rúa San Pedro de Mezonzo, 39
15701 Santiago de Compostela (A Coruña) España

Pola contra, o Sistema de Saúde ten a obriga, a organización e as atribucións técnicas e legais de dar cobertura sanitaria a todas as persoas maiores de Galicia, independentemente de onde residan.

No actual caso do COVID19, o sistema deu as costas os enfermos maiores que viven en Residencias, e incluso o está dando as persoas maiores que viven na súa casa, e teñen dereito a ser atendidos sin ser discriminados pola súa idade, como acontece no día a día baixo pretextos de colapso sanitario, que en modo algún se está a dar en Galicia.

Os centros de saúde están fechados, os servizos de hospitalización rechazan ingresos de persoas maiores, néganselle as probas diagnósticas alegando o estado de alarma, e esta restricción dos seus dereitos conleva mortes e sufrimentos intolerables para **unhas persoas que son fundamento dos actuais servizos dos que outros máis novos disfrutan.**

As mortes nas Residencias non se producen porque teñan máis ou menos superficie construída, máis ou menos usuarios, ou máis ou menos xerocultores, máis luz ou menos luz, etc., senón porque as persoas sofren una enfermidade: o virus Covid19.

Hai catro motivos principais polos que se está dando este contaxio masivo en centros:

1. **A falta de detección precoz do contaxio nos traballadores/as:** O sector leva máis de 23 días de confinamento, establecendo medidas de protección o máis axeitadas posibles dentro das súas posibilidades e no marco do gran desabastecemento de material sanitario que teñen todos os centros. Adaptaron os seus protocolos ós protocolos esixidos pola autoridade. Pero o máis básico e prioritario: non é posible detectar e aislar os/as traballadores/as e residentes infectados porque non hai tests para averígalos.
2. **A atención as persoas dependentes require cercanía e contacto.** O virus pode cursar totalmente asintomático nun/ha traballador/a que á hora de efectuar o seu traballo precisa dunha proximidade corporal coa persoa maior para o aseo, alimentación e mobilización. **Coidados básicos que non é posible efectuar a máis de dous metros de distancia.**
3. **O sistema de saúde non foi quen nin o é de dar una resposta de atención sanitaria do século XXI as persoas de maior idade. Un sistema sanitario que como sempre e unha vez máis está dando a espalda a un sector que claramente non o contempla nin coñece.** A falta de coordinación sociosanitaria deixa mortos polasua incapacidade manifesta.
4. **As persoas que viven nos centros son maiores fráxiles e vulnerables,** con patoloxías crónicas e padecementos de enfermidades metabólicas, cardiopatías, enfermidades respiratorias crónicas e tamén en moitos casos vasculares. É poboación cunha saúde débil. Sin embargo, **a atención á enfermidade COVID-19 é unha competencia clara do Sistema de Saúde, non do sector residencial.** As



Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria
Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela
Rúa San Pedro de Mezonzo, 39
15701 Santiago de Compostela (A Coruña) España

persoas non deben morrer nas residencias por este virus. Deben ser atendidas polo Sistema Nacional e Autonómico de Saúde onde corresponda.

Non hai que olvidar que as 21.700 persoas que viven en residencias son maiores que de non existir os centros estarían vivindo sós nas súas casas. Culpar ás residencias non é a solución; a solución é darlles a atención sanitaria que corresponde a cada caso individual, tanto fronte ó COVID-19 como fronte a calquer outro proceso de enfermidade.

Por iso, dende a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria estimamos preciso:

- **Agradecer e recoñecer o traballo diario do traballadores/as de ámbito xerontolóxico** que están ofrecendo todos os medios posibles ó seu alcance para continuar desenvolvendo un esforzó mantido de apoio e coidados as persoas Maiores coa maior profesionalidade e integridade, sabendo que se ven expostos a un virus que non só ataca á xente maior, o contaxio tamén se estende ós profesionais do sector.
- **Poñer tódolos recursos e coñecementos desta Sociedade Científica a disposición do sector xeriátrico** para prestar a axuda necesaria á hora de establecer as actuacións en materia de saúde e atención ós maiores.
- Traballar de xeito que podamos **converter esta crise nuha oportunidade de mellora** que sempre reivindicamos, para especializar a atención sanitaria e garantir o respecto que merecen os maiores dentro da nosa sociedade.

Prestarlles atención ás persoas maiores non só é unha cuestión ética e de xustiza, é tamén algo que nos dignifica como sociedade e como individuos. Unha sociedade que protexe os mais maiores, é una boa sociedade. O presente e o futuro son as persoas Maiores.

Unha sociedade que protexe os mais maiores, é una boa sociedade. O presente e o futuro son as persoas Maiores.

Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria.
Ilustre Colexio Oficial de médicos.
Santiago de Compostela
A Coruña
www.sgxx.org